

Descripción del recorrido


O Lor nace en dúas fontes da Vila de Fonteboa e noutras dúas na vila de Fonlor no Concello de Pedrafita do Cebreiro, transcorre polos concellos de Pedrafita do Cebreiro, Folgoso do Caurel, Pobra de Brollón e Quiroga, atravesando o Caurel en dirección nordeste-suroeste. O GR8, acondicionado a iniciativa da Asociación Santo Grial do Cebreiro, ten 68 kms de percorrido, comeza no Cebreiro e remata en Augasmestas (Concello de Quiroga), onde o pai Lor verte as súas augas no Sil. Os nosos parabens ó colectivo Santo Grial por esta fermosa iniciativa.

Hoxe nós faremos o tramo deste GR8 que vai dende Ferreiros de Abaixo ata Froxán. Comezamos onde a cantina O Pontón. Leváremo-lo Lor á nosa dereita, ó comezo imos pegados ó río polo medio dunha espesa vexetación de ameireiros, freixos e abeleiras despois imonos afastando do río e continuamos por un camiño de media ladeira e enfronte orientadas cara ó sol veremos algunhas "alvarizas". Aló no alto á nosa esquerda albiscaremos Folgoso, cruzáremo-lo río pola ponte de Traspando, a partir de aquí levámo-lo Lor á nosa esquerda e pouco a pouco imos chegando a O Touzón, aldea moi pegadiña ó río e que convida ó descanso, aquí é onde o Lóuzara abraza ó Lor. No Touzón, igual que noutras vilas do Caurel, no inverno só vive unha persoa.

PROXECTO FALLIDO DOS ANOS 20: Méndez de Riba de Bilbo encargouse das prospeccións mineiras do Caurel e deseñou os planos dun ferrocarril que partiría dende O Touzón e transportaría a "vea" dende a mina de ferro de Formigueiros ata O Touzón, pero o proxecto nunca se levou a adiante. De seguido estamos xa na Pendella, onde destacan as casas con corredores de madeira (hai moitas semellantes no Caurel), disque comunicaban dúas casas da mesma familia. Ata a Pendella chegaban xentes de tódalas vilas do Caurel para que unha das "leguiñas" ou "responsadoras" os responsara: preguntábanlle polo estado dos animais que se perdían no monte e ela rezaba un responso e sabía o estado no que se atopaban os animais. Cruzamos outra vez o Lor pola ponte de Baldomir, a historia de Baldomir estivo xunguida á súa ferrería, hoxe desaparecida, coñecida como de "Baldomiro", documentada dende o século XVII. O ferro traían den de a "veneira" de Roques de Pobra de Brollón ó estar máis preto cá de Formigueiros. Entre vexetación de ribeira imos subindo ata a vila de A Campa, é unha vila situada na faldra da serra que se agocha entre castiñeiros, outra vez imos ver corredores de madeira e algunhas casas con balcóns, un exemplo da arquitectura popular do Caurel. Seguimos alonxándonos do Lor, ó fondo á nosa dereita iremos vendo Vilamor e a súa igrexa, pouco a pouco iremos chegando ó Souto de Freán e o de O Vilar, ésta é outra vila tamén moi peculiar e fermosa, tan peculiar como o seu único (no inverno) morador, Juanito de Vilar, Juanito din que é afeccionado ás "cousas antigas" e xuntou un particular museo etnográfico: apeiros, pesas partes dun tear e mesmo ten un berce, tamén vende mel e augardente, seguro que sairá recibirnos. Despois de coller forzas e auga na fonte da saúde imos cara o campo da festa en dirección ó Castro, situado nun vertixinoso espigón, de 600m de altitude. Conserva restos de 12 vivendas, tiña foxo e muralla, apareceron restos feitos a torno e tres afiadores de cuarcita, enfronte volvemos a ter unha boa panorámica de Vilamor. Seguimos baixando ata atopármonos outra vez o Lor, á nosa esquerda vemos o Teso das Lastras e o Alto dos Mouros, de seguidiña cruzámo-lo Lor polo Pontón do Vao, seguiremos por máis soutos para despois atopármonos cun grande bosque de sobreiras, peladas polos portugueses que veñen dende hai 5 anos busca-la codia. As sobreiras viven entre 150-250 anos, o momento da recolección da súa codia márcalo o diámetro dos tapóns.

Pronto chegamos a Froxán polo Sur, unha das vilas ben conservadas do Caurel, conxunto histórico, trazado medieval, rúas e prazas empedradas. En Froxán ten a súa sede a "Asociación Fonte do Milagre", que se encarga de recuperar algún camiños e tamén de promover a Festa da Pisa da castaña (o primeiro domingo de decembro). Esta Asociación mesmo tamén publica unha revista chamada "A Candeia" que é o nome da flor da castaña. Aquí rematamos por hoxe e haber se nos queda tempo para tomar a nosa cervexa/s de rigor

Mapa de situación



Distancia: 17 Km.

Dificultad: media.

PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 17, 18 y 19 de Mayo: A Cantabria
- ✓ 15 de Xuño: Costa da norte "De Camariñas a Camelle
- ✓ 29 y 30 de junio: Picos de Europa. Lagos - Vega de Ario y Lagos - Corao (Ruta Frasinelli)

Para mas información, visitar la Web del Club.



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE Y CAMIÑA



12 de mayo de 2013

Ferreriros de Abaixo - Froxan
(Río Lor)

